

CURSO DE FORMACIÓN AGAT



“Movements xerais do neonato e do lactante”

ALFREDO GARCIA ALIX

Neonatólogo (HSJD, Barcelona). Fundación NeNe

JUAN ARNAEZ SOLIS

Neonatólogo (HUBU, Burgos). Fundación NeNe

21 de setembro de 2019

Santiago de Compostela



CURSO DE FORMACIÓN

“Movements xerais do neonato e do lactante”

Os movementos xerais son movementos espontáneos do neonato e lactante pequeno que constitúen un bo indicador da integridade do sistema nervioso central. Os movementos xerais son unha potente ferramenta predictora desde as primeiras semanas de vida do futuro neuroevolutivo. Cando son normais son un excelente indicador de normalidade do desenvolvemento motor a longo prazo. Pola contra, a presenza de movementos xerais alterados entre as 40 e 60 semanas post- menstruais identifica a neonatos e lactantes con alto risco de parálise cerebral.

PROGRAMA

OBXECTIVOS:

Coñecer os movementos xerais do neonato e do lactante pequeno normais e patolóxicos.

METODOLOXÍA:

O recoñecemento dos movementos realizarase a través de vídeos de pacientes cuxos pais deron o consentimento para realizar a gravación dos seus fillos.

RELATORES:

Alfredo García- Alix Neonatólogo (HSJD, Barcelona). Fundación NeNe

Juan Arnáez. Neonatólogo (HUBU, Burgos). Fundación NeNe

LUGAR:

Santiago de Compostela

DATA:

21 de setembro de 2019

HORARIO:

9:00h a 13:30h

Dirixido a

Profesionais que se relacionan de forma directa con neonatos e lactantes. Do ámbito da sanidade, dos servizos sociais ou de educación.

PRAZAS : 60

Limitadas - Por rigorosa orde de recepción da solicitude de inscrición.

DECLARACIÓN DE INTERESE SANITARIO: EN TRÁMITE

COTAS:

Ata o día 30 xuño de 2019:

- Cota de inscrición socios/as AGAT: 80 €
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: 100 €
- Cota de inscrición de non-socios/as: 120€

INSCRICIÓN

- Entrar en “Contacto” na páxina principal da web da AGAT: <http://www.atenciontemprana.com>
- Cubrir o formulario poñendo os vosos datos personais, profesión e lugar de traballo
- No apartado “email” poñede, por favor, o voso enderezo electrónico, para poder enviarnos notificacións.
- Na ringleira de “asunto” escribir “Inscrición Curso “ **Taller de movementos xerais**”
- Finalmente premer (pinchar) no botón “Enviar”.
- Inmediatamente recibiredes unha mensaxe automática de saída da vosa solicitude.
- Posteriormente, un correo de “AGAT Formación” (formacion@atenciontemprana.com) vos confirmará da recepción da vosa solicitude e vos informará de que para formalizar a matrícula tedes que ingresar a cota correspondente na conta:

C/C da AGAT **ES07 2080 0553 50 3040005038** ABANCA

- A admisión ao curso será efectiva cando recibades outro correo de “AGAT Formación” **confirmando** o ingreso da vosa cota de inscrición na conta da AGAT.

Condições de uso, pago, cancelación e devolución dos cursos

A Organización resérvase o dereito de suprimir e/ou modificar datas e lugares en caso de non contar cun mínimo de participantes. Nestes casos notificarase aos participantes con anticipación, devolvéndolles, así mesmo, integramente o diñeiro da inscrición abonada. En caso de cancelación da inscrición esta será devolta na súa totalidade se se realiza 30 días antes do inicio do curso cunha penalización de 5 euros por gastos de xestión e administrativos. Se a renuncia realizase entre os últimos 30 días antes do curso non se reembolsará a inscrición. . En caso de suspensión do curso ou modificación de datas, outorgarase un reembolso completo ou unha nova inscrición noutro curso de idénticas características.

Anulación ou modificación de cursos por parte do Organizador

A Organización resérvase o dereito de suprimir e/ou modificar datas e lugares en caso de non contar cun mínimo de participantes. Nestes casos notificarase aos participantes con anticipación, devolvéndolles, así mesmo, integramente o diñeiro da inscrición abonada ou unha nova inscrición noutro curso de idénticas características ou diferente prezo devolvendo a diferenza se o prezo é inferior ou solicitando a diferenza se o prezo é superior.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

atenciontemprana@atenciontemprana.com

agat@atenciontemprana.com

Tfno. 698 124 611